

**Asunto:** alegacións á RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2023, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se someten a información pública o estudo de impacto ambiental, o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) e o proxecto de execución, en concreto, das instalacións da liña de alta tensión 132 kV subestación parque eólico Pico Touriñán-subestación parque eólico Monte Festeiros, localizada nos concellos de Cerdedo-Cotobade, A Estrada, Forcarei e Silleda (expediente IN408A 2020/165), DOG Núm. 120, de 26 de xuño de 2023

Don/Dona \_\_\_\_\_ con DNI. Número \_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, municipio de \_\_\_\_\_, provincia \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_.

**EXPÓN:**

Á vista da RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2023, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se someten a información pública o estudo de impacto ambiental, o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) e o proxecto de execución, en concreto, das instalacións da liña de alta tensión 132 kV subestación parque eólico Pico Touriñán-subestación parque eólico Monte Festeiros, localizada nos concellos de Cerdedo-Cotobade, A Estrada, Forcarei e Silleda (expediente IN408A 2020/165), DOG Núm. 120, de 26 de xuño de 2023, realiza as seguintes

**ALEGACIÓNS:**

**PRIMEIRA. – CONTEXTO NO QUE SE PREVÉ O DESARROLLO DA LIÑA DE ALTA TENSIÓN 132 KV SUBESTACIÓN PARQUE EÓLICO PICO TOURIÑÁN-SUBESTACIÓN PARQUE EÓLICO MONTE FESTEIROS**

Non deberan instalar ningunha outra infraestrutura máis na entorna dos espazos da Rede Natura Serra do Candán, Serra do Cando e Brañas de Xestoso. Ademais a realidade é que a Xunta de Galicia carece totalmente dun instrumento de planificación eólica efectivo e eficaz. Xa non só hai aeroxeradores e liñas eléctricas instalados dentro dos espazos protexidos, senón que agora están a bordear os mesmos con máis infraestruturas afectando de forma seria e severa á NECESARIA COHERENCIA DA REDE NATURA 2000.

**Relación de proxectos enerxéticos xa instalados e en tramitación na área xeográfica dos proxectos eólicos TOURIÑÁN III -2, CAMPO DAS ROSAS, PORTO VIDROS, MONTE FESTEIROS, OUTEIRO GRANDE e AS PENIZAS**

NOME DO PROXECTO	NÚMERO DE AEROXERADORES	PROMOTOR	MUNICIPIO
1. CENTRAL DE CERCEDO NO RIO CASTRO		MINICENTRALES ASTURIANAS S.A.	Cerdedo-Cotobade; Forcarei
2. PARQUE EÓLICO MONTE DO SEIXO - SERRA DO CANDO	37	Olivento, S.L. (FCC) (Antes de GAMESA)	Forcarei; Lama, A; Cerdedo-Cotobade
3. PARQUE EÓLICO SERRA DO CANDO	37	Olivento, S.L. (FCC) (Antes de Marubeni Europower Ltd. (por adquisición a Sistemas Energéticos	Forcarei; Lama, A; Cerdedo-Cotobade

		Cando, S.A. - GAMESA))	
<b>4. LINEA AT. 220 KV SUBESTACION ALBARELLOS-SUBESTACION PARQUE EOLICO CANDO</b>		GAMESA	Beariz; Boborás; Forcarei; Leiro
<b>5. APROVECHAMIENTO HIDROELÉCTRICO DE 2000 L/S</b>		Hidroeléctrica del Baleo, S.L. (Antes de COMPAÑIA GALLEGA DE MINICENTRALES, S.A)	Cerdedo-Cotobade; Forcarei
<b>6. PARQUE EÓLICO AMEIXEIRAS-TESTEIOS</b>	75	Iberdrola Energías Renovables de Galicia (Eólicas del Sil, S.A. (por adquisición a GAMESA Energía, S.A.))	Irixo, O; Forcarei; Lalín
<b>7. PARQUE EÓLICO SINGULAR "CAMPO DAS CRUCES"</b>	1	Arcos de Grava, S.L.	Forcarei
<b>8. L.A.T. 220 KV P.E. MASGALÁN-P.E. MONTECARRIO</b>		Gamesa Energía, S.A.	Silleda; Forcarei; Vila de Cruces; Lalín
<b>9. PARQUE EÓLICO OUTEIRO GRANDE</b>	5	A.V. Outeiro Rubio, S.L.U. (Antes de Airosa Vento, S.L.)	Estrada, A; Forcarei; Silleda
<b>10. PARQUE EÓLICO MONTE FESTEIOS (RETRAMITACIÓN)</b>	10	AV Montefesteiros, S.L.U.	Forcarei; Silleda
<b>11. PARQUE EÓLICO PARAÑO OESTE (RETRAMITACIÓN) E CONEXIÓN DE EVACUACIÓN</b>	14	Eólica Galenova, S.L.U.	Beariz; Forcarei
<b>12. PARQUE EÓLICO AS PENIZAS</b>	6	Greenalia Wind Power, S.L.U. (Antes Greenalia Power, S.L.U.)	Cerdedo-Cotobade; Forcarei
<b>13. APROVECHAMIENTO HIDROELECTRICO NO RIO LÉREZ</b>		Hidroeléctrica del Forcadas, S.A. (HIDROSPAN S.A.)	Cerdedo-Cotobade
<b>14. CENTRAL HIDROELECTRICA NO RIO CASTRO</b>		CORTIZO HIDROELECTRICAS S.A.	Cerdedo-Cotobade
<b>15. APROVECHAMIENTO HIDROELÉCTRICO "SALTO DE CERNADOS" EN EL RÍO CASTRO.</b>		MINICENTRALES AUTOMATIZADAS DE GALICIA S.L.	Cerdedo-Cotobade
<b>16. APROVECHAMIENTO HIDROELECTRICO DE "A PONTE" EN EL RIO ALMOFREI</b>		ENGASA	Cerdedo-Cotobade
<b>17. APROVECHAMIENTO HIDROELÉCTRICO DE SALGUEIRAL</b>		HIDROELÉCTRICA DE COTOBADE S.L.	Cerdedo-Cotobade
<b>18. APROVECHAMIENTO HIDROELECTRICO DE ATALAYA, EN EL RIO LÉREZ</b>		GALAICA DE ENERGIAS RENOVABLES S.A.	Campo Lameiro; Cerdedo-Cotobade

<b>19. APROVECHAMIENTO HIDROELÉCTRICO DE CUTIÁN (PONTEVEDRA) RIO LÉREZ.</b>		HIDROELÉCTRICA DE COTOBADE S.L.	Campo Lameiro; Cerdedo-Cotobade
<b>20. APROVECHAMIENTO HIDROELECTRICO DE PARADA, EN EL RIO LÉREZ</b>		GALAICA DE ENERGIAS RENOVABLES S.A.	Campo Lameiro; Cerdedo-Cotobade
<b>21. APROVECHAMIENTO HIDROELÉCTRICO DE 2000 L/S</b>		Hidroeléctrica del Baleo, S.L. (Antes de COMPAÑIA GALLEGA DE MINICENTRALES, S.A)	Cerdedo-Cotobade; Forcarei
<b>22. MODIFICACIÓN DE LAS CARACTERÍSTICAS DE LA CONCESIÓN DE UN APROVECHAMIENTO DE AGUAS PARA LA PRODUCCIÓN DE ENERGÍA ELÉCTRICA EN EL RIO LÉREZ: - SALTO DE ANLLO (SALTO 1+2) - SALTO DE ARROIBAR (SALTO 3+4) - SALTO DE SAN XUSTO (SALTO 5+6)</b>		Enel Green Power España, S.A. (Antes de UNIÓN ELÉCTRICA FENOSA, S.A.)	Campo Lameiro; Cerdedo-Cotobade
<b>23. LIÑA DE ALTA TENSIÓN A 66KV DENDE A SUBESTACIÓN DE TIBO ATA A SUBESTACIÓN DE SAN JORGE</b>		Unión Fenosa Distribución, S.A.	Portas; Moraña; Campo Lameiro; Barro; Caldas de Reis; Cerdedo-Cotobade
<b>24. PARQUE EÓLICO OUTEIRO RAPOSO</b>	3	Vendavales Galaicos, S.L.	Cerdedo-Cotobade
<b>25. LIÑA DE ALTA TENSIÓN A 66/220 KV DENDE A SUBESTACIÓN DO PARQUE EÓLICO PICO TOURIÑÁN ATA A SUBESTACIÓN DE TIBO</b>		Greenalia Wind Power Touriñán SLU, Wind Premier Rosa Dos Ventos SLU, Naturgy Renovables SLU e Norvento SLU (Antes de Enel Green Power España SL)	Campo Lameiro; Cerdedo-Cotobade; Estrada, A; Portas; Moraña; Caldas de Reis
<b>26. LIÑA DE ALTA TENSIÓN A 66 KV DENDE O PARQUE ÉOLICO DOS COTOS ATA A SUBESTACIÓN PONTESAMPAIO</b>		Tiraventos, S.L.	Cerdedo-Cotobade; Ponte Caldelas; Pontevedra
<b>27. PARQUE EÓLICO DOS COTOS (RETRAMITACIÓN)</b>	6	Tiraventos, S.L.	Cerdedo-Cotobade
<b>28. PARQUE EÓLICO COUTO DE SAN SEBASTIAN</b>	23	Enel Green Power, S.L. (Antes de Energías Renovables Montes de San Sebastián, S.L. (Antes de FOMENSA HISPANIA, S.L.)(EUFER))	Estrada, A; Silleda
<b>29. LIÑA DE ALTA TENSIÓN DE 66 KV SUBESTACIÓN ESTRADA -</b>		Gamesa Energía, S.A.	Estrada, A

<b>SUBESTACIÓN DO PARQUE EÓLICO MONTE ARCA</b>			
<b>30. PARQUE EÓLICO DE MONTE ARCA (FASES I, II E III)</b>	21	Taiga Tres, S.L. (Adquiriu Sistemas Energéticos La Estrada, S.A.U. [Antes de Gamesa Energía, S.A.]	Cuntis; Estrada, A
<b>31. PARQUE EÓLICO PICO TOURIÑÁN</b>	8	Enel Green Power España, S.L. (Antes de Eólicos Touriñán, S.A.)	Cerdedo-Cotobade; Estrada, A; Campo Lameiro
<b>32. LIÑA DE ALTA TENSIÓN A 66/220 KV DENDE A SUBESTACIÓN DO PARQUE EÓLICO PICO TOURIÑÁN ATA A SUBESTACIÓN DE TIBO</b>		Greenalia Wind Power Touriñán SLU, Wind Premier Rosa Dos Ventos SLU, Naturgy Renovables SLU e Norvento SLU (Antes de Enel Green Power España SL)	Campo Lameiro; Cerdedo-Cotobade; Estrada, A; Portas; Moraña; Caldas de Reis
<b>33. PARQUE EÓLICO CAMPO DAS ROSAS</b>	6	Naturgy Renovables, S.L.U.	Campo Lameiro; Cerdedo-Cotobade; Estrada, A
<b>34. PARQUE EÓLICO PORTO VIDROS</b>	3	Naturgy Renovables, S.L.U.	Cerdedo-Cotobade e Campo Lameiro
<b>35. PARQUE EÓLICO TOURIÑÁN III-2 (RETRAMITACIÓN)</b>	5	Greenalia Wind Power Touriñán, S.L.U.	Campo Lameiro; Cuntis; Estrada, A
<b>36. PARQUE EÓLICO MONTE DO PE</b>	4	Green Capital Power, S.L.	Cerdedo-Cotobade e Ponte Caldelas
<b>37. PARQUE EÓLICO ACIBAL</b>	4	Norvento, S.L.	Barro, Campo Lameiro e Moraña
<b>38. PARQUE EÓLICO ZUDREIRO</b>	5	Green Capital Power, S.L.	Moraña e Campo Lameiro
<b>39. PARQUE EÓLICO ANDURIÑA</b>	9	Green Capital Power, S.L.	Barro, Campo Lameiro, Moraña e Pontevedra
<b>40. PARQUE EÓLICO CASTRO VALENTE</b>	3	Iberdrola Renovables Galicia, S.A.	Pontecesures; Padrón; Estrada, A; Valga
<b>41. PARQUE EÓLICO FONTEAVIA</b>	38	Parques Eólicos de Buio, S.L.U. (Antes Eurovento S.L. Unipersonal)	Lama, A; Fornelos de Montes; Covelo; Avión
<b>42. PARQUE EÓLICO FONTEAVIA, 2ª FASE</b>	38	Parques Eólicos de Buio, S.L.U. (Antes de Eurovento, S.L. Unipersonal)	Covelo; Lama, A; Avión; Fornelos de Montes
<b>43. PARQUE EÓLICO EDREIRA I</b>	8	Puentengasa San Roque I, S.L.	Lama, A

<b>44. PARQUE EÓLICO CARBALLA</b>	4	Energías de Rande, S.L.	Lama, A
<b>45. PARQUE EÓLICO MONTE PEÓN</b>	3	Naturgy Renovables, S.L.U. (Antes Gas Natural Fenosa Renovables, S.L.U.)	Lama, A
<b>46. PARQUE EÓLICO 47. OUTEIRO DO COTO (AMPLIACIÓN DOS PARQUES MONTE SEIXO E SERRA DO 48. CANDO). (EXPEDIENTE IN661A 99/5-4).</b>	23	Sistemas Energéticos Cando, S.A.	Forcarei, Cerdedo, Cotobade e A Lama.
<b>49. PARQUE EÓLICO SINGULAR MONTE DO CEO</b>	3	Saltos del Oitavén, S.L.	A Lama
<b>50. PARQUE EÓLICO UXO</b>	6	Naturgy Renovables, S.L.U.	Avión
<b>51. Proxecto de execución, en concreto, das instalacións da liña de alta tensión 132 kV subestación parque eólico Pico Touriñán- subestación parque eólico Monte Festeiros</b>		Enel Green Power España, S.L.	Cerdedo-Cotobade, A Estrada, Forcarei e Silleda
<b>52. Parque eólico Marcofán</b>	7	Marcofán Eólica, S.L.	Beariz, Boborás e O Irixo (Ourense)
<b>TOTAL PARQUES EÓLICOS: 30</b>	<b>TOTAL AEROXERADORES: 415</b>		

**SEGUNDO.- REFERENCIA Á RESOLUCIÓN DO 12 DE XUÑO DE 2023, DA XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA, POLA QUE SE SOMETEN A INFORMACIÓN PÚBLICA O ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL, O PROXECTO SECTORIAL (PROXECTO DE INTERESE AUTONÓMICO) E O PROXECTO DE EXECUCIÓN, EN CONCRETO, DAS INSTALACIÓN S DA LIÑA DE ALTA TENSIÓN 132 KV SUBESTACIÓN PARQUE EÓLICO PICO TOURIÑÁN-SUBESTACIÓN PARQUE EÓLICO MONTE FESTEIROS, LOCALIZADA NOS CONCELLOS DE CERDEDO-COTOBADA, A ESTRADA, FORCAREI E SILLEDA (EXPEDIENTE IN408A 2020/165), DOG NÚM. 120, DE 26 DE XUÑO DE 2023**

Indícase no proxecto sectorial das instalación da Liña de alta tensión 132 kV Subestación parque eólico Pico Touriñán -Subestación parque eólico Monte Festeiros literalmente:

*“El Parque Eólico Pico Touriñán cuenta con permiso de acceso a la Red de Transporte de energía eléctrica en el Nudo Silleda 400 kV, según comunicación del Operador del Sistema de fecha 21.07.2020 (ref. DDS.DAR.20\_2924). La conexión se realizará mediante una línea eléctrica de alta tensión, de 132 kV, que conectará la subestación transformadora del Parque Eólico Pico Touriñán con la subestación del Parque Eólico Monte Festeiros, cuyo titular es Tasga Renovables, S.L.*

*Desde esta última instalación, la conexión con la Red de Transporte se efectuará mediante una serie de infraestructuras compartidas que servirán para el vertido de la energía producida en los **parques eólicos Outeiro***

**Grande, Monte Festeiros y Pico Touriñán en el Nudo Silleda 400 kV.** El presente Proyecto Sectorial contempla las siguientes instalaciones: → Línea A.T. 132 kV Subestación P.E. Pico Touriñán - Subestación P.E. Monte Festeiros”.

El resto de infraestructuras mencionadas serán objeto de tramitación independiente.

De acuerdo con lo establecido en el Art. 29 de la Ley 8/2009, en su nueva redacción dada por la Ley 5/2017, entre los documentos necesarios para la solicitud de autorización administrativa previa y de construcción de la Línea A.T. 132 kV Sub. Navallos-Sub. Punago, se encuentra el presente Proyecto Sectorial, que se ajustará a lo establecido en la Ley 10/1995, de 23 de noviembre, de ordenación del territorio de Galicia y en el Decreto 80/2000, de 23 de marzo, por el que se regulan los planes y proyectos sectoriales de incidencia supramunicipal”.

#### **TRAZADO.**

El origen de la línea será el Apoyo nº 1 de entronque en la Subestación del Parque Eólico Pico Touriñán y el final de la línea será el Apoyo nº 68 de entronque en la Subestación del Parque Eólico Monte Festeiros.

La instalación tendrá una longitud total de 22.393,70 m, y estará constituida por los siguientes tres tramos:

→ Un primer tramo aéreo, entre los apoyos 1 (inicio de línea) y 57 (paso aéreo-subterráneo), con una longitud total de 19.528,80 m y cotas entre 420 y 831 metros, discurriendo por los municipios de Cerdedo-Cotobade, A Estrada, Forcarei y Silleda.

→ Un segundo tramo subterráneo, entre los apoyos 57 y 58 (pasos aéreo-subterráneos), con una longitud de 139,56 m, con cotas en torno a los 830 m, cuyo trazado se sitúa en el municipio de Silleda. Se plantea este tramo subterráneo para resolver el cruzamiento con la línea de A.T. 400 kV Silleda-Cartelle (REE), ante la imposibilidad de efectuar el cruce aéreo por debajo del tendido existente.

→ Un tercer tramo aéreo, entre los apoyos 58 (paso aéreo-subterráneo) y 68 (fin de línea), con una longitud total de 2.725,34 m y cotas entre 741 y 792 metros, discurriendo por el municipio de Silleda.

Existen en el ámbito del estudio espacios catalogados dentro de la Red Natura 2000, siendo el más inmediato el ZEC “Serra do Candán”, a escasos 100 metros, por lo que se considera que pueda existir afección

Estos espacios son los siguientes:

→ ZEC ES1140013 “Serra do Candán”, a escasos 100 metros al sureste del trazado de la línea, más concretamente al sureste desde el apoyo 39 al apoyo 61.

→ ZEC ES1140014 “Serra do Cando”, a 1 km al sur del trazado de la línea más occidental (desde el apoyo 6 hacia abajo).

→ ZEC ES1140008 “Brañas de Xestoso”, a unos 5 km al norte de la línea. Está situado en el interior de la provincia de Pontevedra, entre los términos municipales de Silleda, A Estrada y Forcarei, con una superficie de 1.077 ha.

**1.- Os proxectos industriais eólicos Outeiro Grande, Monte Festeiros e Pico Touriñán comparten infraestructuras de evacuación e área xeográfica, a Liña de alta tensión 132 kV Subestación parque eólico Pico Touriñán -Subestación parque eólico Monte Festeiros. Antes desta liña de recente publicación no DOG, a infraestructura de evacuación proxectada e na que se basean as Declaracións de impacto ambiental formuladas era o PROXECTO DA LIÑA DE ALTA TENSIÓN A 66/220 KV DENDE A SUBESTACIÓN DO PARQUE EÓLICO PICO TOURIÑÁN ATA A SUBESTACIÓN DE TIBO.**

**2.- Ás liñas eléctricas de evacuación xa existentes hai que engadir outra de máis de 22 quilómetros: Liña de alta tensión 132 kV Subestación parque eólico Pico Touriñán -Subestación parque eólico Monte Festeiros.**

**3.- Os proxectos industriais, pese a estar relacionados entre sí, tramítanse como proxectos separados e independentes, incluso aos efectos da avaliación ambiental.**

**4.- Os tres proxectos eólicos prevén instalarse nunha área xeográfica con unha elevada densidade de aeroxeradores xa instalados, outros en tramitación e outros recentemente autorizados, contabilizándose en**

base aos datos publicados no Diario oficial de Galicia relativos ás autorizacións dos proxectos, un total de 30 parques eólicos e 415 aeroxeradores.

5.- Boa parte dos parques xa instalados están ocupando a Rede Natura 2000, como é o caso da Serra do Candán, a Serra do Cando e as Brañas de Xestoso afectadas por parques como o parque eólico Serra do Cando, o parque eólico Monte do Seixo -Serra do Cando, o parque eólico Outeiro do Coto, o parque eólico Couto de San Sebastián e o parque eólico Ameixeiras -Testeiros.

6.- A acumulación de infraestruturas eólicas nestes espazos protexidos afecta á funcionalidade destes, pola fragmentación dos ecosistemas e o risco de xerar “illas biolóxicas”, que afectan directamente ao grao de permeabilidade dos ecosistemas e da necesaria conectividade ecolóxica.

7.- Ademais do impacto visual e paisaxístico severo e permanente no tempo, durante a vida útil das estacións eólicas, existe unha afección severa á necesaria coherencia da Rede Natura 2000.

8.- A traza da Liña de alta tensión 132 kV Subestación parque eólico Pico Touriñán -Subestación parque eólico Monte Festeiros localízase a escasos 100 metros da Rede Natura 2000 “ZEC ES1140013 “Serra do Candán”, desde o apoio 39 ao apoio 61 e a menos dun quilómetro da ZEC ES1140014 “Serra do Cando”.



Detalle da localización do apoio número 60 da LAT Liña de alta tensión 132 kV Subestación parque eólico Pico Touriñán -Subestación parque eólico Monte Festeiros con afección severa e irreversible a masas maduras de carballeiras. Existe a obriga de manter os hábitats de interese comunitario nun estado de conservación favorable, o que resulta incompatible coa súa afección irreversible ou eliminación, como sería este caso.


### **TERCEIRA. - INFRACCIÓN DA DIRECTIVA 92/43/CEE DO CONSELLO, DO 21 DE MAIO DE 1992, RELATIVA Á CONSERVACIÓN DOS HÁBITATS NATURAIS E DA FAUNA E FLORA SILVESTRES**

#### *Artigo 2*

1. A presente Directiva ten por obxecto contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio europeo dos Estados membros ao que se aplica o Tratado.

2. As medidas que se adopten en virtude da presente Directiva terán como finalidade o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos hábitats naturais e das especies silvestres da fauna e da flora de interese comunitario.

1. Como tipos de hábitats naturais prioritarios considéranse os tipos de hábitats naturais ameazados de desaparición presentes no territorio recollido no artigo 2 da Directiva 92/43 CEE cuxa conservación supón unha especial responsabilidade para a Comunidade, tendo en conta a importancia da proporción da súa área de distribución natural incluída no territorio. No anexo I da Directiva 92/43/CEE, modificado pola Directiva 2013/17 UE do Consello, do 13 de maio de 2013, enuméranse os tipos de hábitats naturais de interese comunitario, e os tipos de hábitats naturais prioritarios sinálanse mediante un asterisco (\*), entre os que se atopan as breixeiros húmidas atlánticas sobre as que se prevé instalar as infraestruturas do proxecto eólico Banzas.
2. Non debera por tanto instalarse os aeroxeradores sobre hábitats prioritarios, posto que vulnera o establecido no artigo 2 da Directiva 92/43/CEE.
3. Por outra banda, existe a obriga de manter os hábitats de interese comunitario nun estado de conservación favorable, o que resulta incompatible coa súa afección irreversible ou eliminación.



### **Detalle da localización do apoio número 62 con respecto á Rede Natura 2000 “Serra do Candán”**

1.-Os proxectos eólicos Pico Touriñán (30 MW), Monte Festeiros (48 MW), Outeiro Grande (18 MW), Touriñán III-2 (24 MW), Acibal (12MW), Campo das Rosas (25,56 MW), Porto Vidros (10,35 MW), Rosa dos Ventos... compartían con anterioridade a liña de evacuación LAT 220 kV SET Pico Touriñán -Tibo

2.- Tras a exposición pública do proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) e o proxecto de execución, en concreto, das instalacións da liña de alta tensión 132 kV subestación parque eólico Pico Touriñán-subestación parque eólico Monte Festeiros, localizada nos concellos de Cerdedo-Cotobade, A Estrada, Forcarei e Silleda (expediente IN408A 2020/165), os proxectos eólicos Monte Festeiros, Outeiro Grande e Pico Touriñán comparten infraestruturas de evacuación e conexión

3.- As modificacións das infraestruturas de evacuación e conexión dos proxectos eólicos invalidan os estudos de sinerxías realizados na tramitación ambiental dos mesmos. Non debera supeditarse a protección do medio ambiente ás modificacións das decisións empresariais

4.- En base aos principios de prevención e precaución do Dereito comunitario deberan revisarse as Declaracións de impacto ambiental dos proxectos eólicos Pico Touriñán, Outeiro Grande e Monte Festeiros por invalidarse os correspondentes estudos dos impactos sinérxicos sobre o medio ambiente ao alterarse substancialmente os proxectos de evacuación e conexión previstos para os mesmos.

Deberan revisarse as Declaracións de impacto ambiental emitidas en relación á tramitación ambiental dos proxectos eólicos Campo das Rosas e Portos Vidros, para ter en conta os impactos derivados da liña de alta tensión 132 kV subestación parque eólico Pico Touriñán-subestación parque eólico Monte Festeiros, localizada



nos concellos de Cerdedo-Cotobade, A Estrada, Forcarei e Silleda (expediente IN408A 2020/165)

Igualmente debera revisarse a Declaración de impacto ambiental emitida na tramitación ambiental do proxecto eólico As Penizas, xa que a nova liña prevé afeccións significativas para a Rede Natura 2000 “Serra do Candán”, pola súa proximidade a este espazo protexido

4.- A liña de alta tensión 132 kV subestación parque eólico Pico Touriñán-subestación parque eólico Monte Festeiros afecta de forma severa a especies catalogadas como vulnerables e en perigo de extinción como a especie *Tetrax tetrax* e *Milvus milvus*

#### **CUARTA. - O FALLIDO PROECTO DA LIÑA DE ALTA TENSIÓN A 66/220 KV DESDE A SUBESTACIÓN DO PARQUE EÓLICO PICO TOURIÑÁN ATA A SUBESTACIÓN DE TIVO E A NECESIDADE DE REVISAR SUBSTANCIALMENTE AS DECLARACIÓNS DE IMPACTO AMBIENTAL XA EMITIDAS EN RELACIÓN AOS PROXECTOS EÓLICOS AFECTADOS**

Por ANUNCIO do 4 de febreiro de 2020, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, publícase a declaración de impacto ambiental do **proyecto da liña de alta tensión a 66/220 kV desde a subestación do parque eólico Pico Touriñán ata a subestación de Tivo**, concellos de Campo Lameiro, Cerdedo-Cotobade, A Estrada, Moraña, Portas e Caldas de Reis (Pontevedra) (clave do expediente 2012/0001), DOG Núm. 33, de 18 de febreiro de 2020.

##### **1. PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DO PROXECTO**

###### **1.1. Promotor e órgano substantio**

*O proxecto é promovido por Enel Green Power España S.L. sendo o órgano substantivo a Dirección Xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía Emprego e Industria.*

###### **1.2. Obxecto, descrición e localización do proxecto**

*O proxecto da liña SET Pico Touriñán – SET Tibo elaborouse inicialmente para a súa autorización administrativa no ano 2011, coa proposta dunha liña de alta tensión cun único circuíto a 66 kV para a evacuación da enerxía eléctrica producida no parque eólico Pico Touriñán (30 MW).*

*No entanto xa naquel momento, todos os elementos da liña aérea deseñáronse para soportar un dobre circuíto a 220 kV en previsión dun posible cambio de tensión da LAT. Con posterioridade, a incorporación de novos promotores sobre a mesma traza provocou que a configuración final sexa a dun dobre circuíto 66-220 kV, tal e como o proxecto e o estudo de impacto ambiental foron finalmente elaborados e sometidos ao actual trámite de avaliación de impacto ambiental. Polo tanto, o **obxectivo do proxecto obxecto da presente declaración de impacto ambiental é a execución das instalacións necesarias para a evacuación da enerxía producida polos parques eólicos Pico Touriñán (30 MW), Monte Festeiros (48MW), Outeiro Grande (18 MW), Touriñán III-2 (24 MW), Acibal (12MW) e outros posibles parques.** Con tal fin proxéctase a construción da liña SET Pico Touriñán – SET Tibo en dobre nivel tensión (66/220 KV). A liña proxectada consta polo tanto dos seguintes dous circuítos:*

*- Circuíto 1 (66 kV), que evacuará a enerxía xerada polo PE Pico Touriñán e a do PE Acibal, que conforman un total de 42 MW*

*- Circuíto 2 (220 kV), que evacuará a enerxía xerada polo resto dos parques eólicos mencionados, é dicir, un total aproximado de 135 MW*

Os proxectos eólicos Pico Touriñán (30 MW), Monte Festeiros (48 MW), Outeiro Grande (18 MW), Touriñán III-2 (24 MW), Acibal (12MW), Campo das Rosas (25,56 MW), Porto Vidros (10,35 MW), Rosa dos Ventos... compartían con anterioridade a liña de evacuación LAT 220 kV SET Pico Touriñán -Tibo.

**Procedan á revisión substancial das Declaracións de impacto ambiental emitidas en relación aos proxectos eólicos afectados polo fallido proxecto da liña de alta tensión a 66/220 kV desde a subestación do parque eólico Pico Touriñán ata a subestación de Tivo como é o proxecto eólico Pico Touriñán, o proxecto eólico Acibal, o proxecto eólico Monte Festeiros, o proxecto eólico Outeiro Grande, o proxecto eólico Touriñán III - 2, o proxecto eólico Campo das Rosas, o proxecto eólico Porto Vidros...etc.**

En virtude do anterior,

**SOLICITA:**

1.- O rexeitamento do proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) e o proxecto de execución, en concreto, das instalacións da liña de alta tensión 132 kV subestación parque eólico Pico Touriñán-subestación parque eólico Monte Festeiros, localizada nos concellos de Cerdedo-Cotobade, A Estrada, Forcarei e Silleda (expediente IN408A 2020/165), DOG Núm. 120, de 26 de xuño de 2023.

2.- Procedan á revisión substancial das Declaracións de impacto ambiental emitidas en relación aos proxectos eólicos afectados polo fallido proxecto da liña de alta tensión a 66/220 kV desde a subestación do parque eólico Pico Touriñán ata a subestación de Tivo como é o proxecto eólico Pico Touriñán, o proxecto eólico Acibal, o proxecto eólico Monte Festeiros, o proxecto eólico Outeiro Grande, o proxecto eólico Touriñán III -2, o proxecto eólico Campo das Rosas, o proxecto eólico Porto Vidros...etc., xa que logo, fican obsoletas e inválidas ao mudarse a LAT de evacuación prevista e mudar os estudos dos impactos sinérxicos e acumulados realizados durante a tramitación ambiental destas.

3.- O caos na planificación eólica da Xunta de Galicia evidénciase neste caso, pero tamén no grave caso do proxecto eólico Acibal, que están a destrozar un monte e a afectar de forma severa todo o patrimonio arqueolóxico e cultural que este encerraba, para construír un parque (o Acibal) que a día de hoxe carece de infraestruturas de evacuación e conexión á Rede eléctrica española.

Forcarei, 16 de xullo de 2023

Asdo.- \_\_\_\_\_